

## SOLICITUDE DE COMPARECENCIA DO ALCALDE POLAS OBRAS DE AMPLIACIÓN DA AP-9

PLENO 30 XULLO 2015. ACTA 14/2015

Despois de ver na prensa o 22 de Xullo que a concesionaria Audasa anunciaba que o tramo Rande-Teis da ampliación da autoestrada ap-9 estará rematada antes do final deste ano; dende a Agrupación de Electores de Redondela solicitamos a comparecencia do alcalde ante este pleno para dar as explicar necesarias sobre:

- Situación das expropiacións dos espazos propiedade deste concello.
- Situación das expropiacións das vivendas e fincas particulares.
- Estado das afeccións da Lei de Estradas.
- Patrimonio histórico e ambiental afectado.
- Traslado do transformador da estrada do Torreiro.
- Servizos e camiños municipais afectados

*O alcalde sinala que o pleno do Concello manifestouse reiteradamente en contra desta obra e o goberno ten tratado de minimizar o seu impacto e nas xuntanzas se trataron entre outros estes temas. En canto aos aspectos concretos sobre os que se solicita a comparecencia sinala:*

*1. Que no ano pasado se levantaron as actas previas e a cuestión fundamental era a do colexio, sobre o que se solicitou a expropiación total a fin de acadar uns terreos novos para reubicalo. Indica que esta fase está a piques de rematar xa que a SAREB xa deu o seu visto bo para a compra da finca por parte de AUDASA que o entregará ao Concello. Dí que tamén hai dous lavadeiros e se está pendente de resolver a cuestión. Pensa que en setembro deberían estar os terreos a disposición do Concello.*

*2. Que tamén se levantaron as actas previas das propiedades particulares facilitando asesoramento aos afectados, pero algúns veciños foron por outra vía. Dí que esta semana promoveron unha xuntanza con Audasa, Fomento e os representantes legais dos veciños e están tratando de atopar unha solución. Indica que é certo que Audasa tardou moito en dar unha resposta.*

*3. Que en canto á lei de estradas hai un compromiso de que se van a manter as afeccións actuais.*

*4. Que en canto ao patrimonio histórico afectado, existe un informe no expediente que está a súa disposición. Refírese tamén a unha resolución de patrimonio sobre prospeccións arqueolóxicas.*

*5. Que en canto ao transformador manteñen o criterio dos veciños de que debe soterrarse. Indica que isto está en estudio, contando tamén con Fenosa.*

*6. Que en canto aos camiños e servizos públicos afectados, deberán reporse unha vez que se faga a obra.*

*O concelleiro VARELA COUÑAGO di que o alcalde estivo na primeira pedra e dixo que fora para xestionar e acadar acordos pero opina que ese encontro coa señora ministra non lle foi produtivo e proba diso é a paralización das obras por parte dos veciños nestes últimos días. Dí que o do colexio depende da vontade de Audasa e o Concello debe tramitar o plan especial de dotacións que aínda non está contratado. Sinala que hai familias que sofren unha situación moi delicada porque non saben onde van a ir porque aínda non*

*Iles pagaron e considera que o Concello debe por en marcha a comisión de seguimento de inmediato.*

*O alcalde sinala que hai un descoñecemento en canto aos tempos cos que se moven as administracións e indica que o sistema que se utilizou foi o máis áxil para que a finca prevista pase canto antes a disposición do Concello. Dí que tivo un enfrentamento directo con Fomento e xa están previstas moitas das cousas que sinala o concelleiro de AER e que os terreos non se atopan disponibles polo que aínda non se pode contratar o plan de dotacións. Indica que a obra da ampliación é supramunicipal e todos están en contra da mesma e que hai que seguir defendendo os intereses de Redondela como fixeron ata o de agora.*